

Como a pandemia está a acabar coa soberanía tecnolóxica e a privacidade do alumnado



Pablo Castro Valiño (texto)

Trackula
pablo@trackula.org

Sofía Prósper Díaz-Mor (grafismo)

Trackula
sofia@trackula.org

REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN

ISSN: 1132-8932
Páx. 68-71

O 2020 foi un ano diferente para todos e todas, incluído o sector educativo que viu como a chegada da COVID-19 levou a ter que mudar o traballo diario dos centros cara os fogares do alumnado e as aulas virtuais.

A tecnoloxía estase a volver imprescindible e as necesidades de dixitalización vólvense cada vez máis urxentes. Posiblemente a presencialidade non vai (nin debe) ser substituída nunca, pero parece que estes novos complementos veñen para quedarse e converterse en chave básica do ensino.

A urxencia para adaptarse á nova realidade, parte dun evidente atraso na dixitalización do mundo educativo. A pandemia acentuou tamén as diferencias existentes entre o profesorado formado no emprego destas ferramentas e aquel que non o estaba. Porén, este atraso non debería propiciar a toma de decisións precipitadas, deixándonos convencer pola ferramenta máis atractiva, que aproveite esta pandemia para asaltar a nosa comunidade educativa. Cómpre analizar en profundidade e con moito coidado as opcións dispoñibles xa que errar nesta decisión, pode ser un lastre durante moitos anos.

SERVIZOS GRATUÍTOS?

A tecnoloxía non é neutral, faise con unha intención. Dende a "crise das .com" aló polo ano 2000, moitas empresas tecnolóxicas cambiaron o seu modelo de negocio ofrecendo servizos sen custe económico (como email, almacenamento, vídeos, etc) a cambio de información.

O seu negocio é a publicidade dixital, polo que buscan aprender todo o que poidan sobre a nosa personalidade e os nosos gustos co fin de coñecernos incluso mellor do que nos coñecemos nós mesmos. O obxectivo? Influir en nós para que merquemos máis ou sexamos totalmente dependentes ou incluso adictos a ditas plataformas.

Estas tecnolóxicas ofertan servizos de xeito "gratuíto" e en xeral de gran calidade. Isto non nos fai dubidar? Se no mundo real, unha gran empresa editorial nos ofrecera de xeito gratuíto tódolos libros educativos, non leríamos con moitas sospeitas os termos do contrato?

Isto en tecnoloxía é o día a día. A cambio do uso dun servizo gratuíto, nin tan sequera lemos os termos de uso destas plataformas, que en moitos casos como por exemplo nos de Microsoft Office 365, indican claramente que lles cedemos o uso de toda a información que almacenemos nas súas plataformas. Poden modificala, eliminala ou utilízala con calquera fin, incluídos fins comerciais. A pesar disto tanto a Consellería de Educación, como as universidades galegas están promovendo o uso destas plataformas.

Por outro lado, empresas como Facebook ou Google actúan como mediadoras, que deciden que contido podemos ver e cal non. Diversos estudos demostran que estar exposto a determinados algoritmos de recomendación é prexudicial. Por exemplo está estudado que as recomendacións do algoritmo de Youtube radicalizan os pensamentos (Roose, 9 de xuño de 2013). Do mesmo xeito, temos tamén estudos que vinculan o uso de máis de 3 horas ao día en redes sociais por parte de adolescentes en EEUU, con un maior risco de enfermidades mentais (Kira, Kenneth, Kayla, et al., 14 de xuño de 2019).

As propias compañías teñen publicado estudos eticamente reprobables nos que recoñecen como, grazas a esta información que lles proporcionamos de xeito gratuíto, son capaces mesmo de influír nas nosas emocións, poñéndonos tristes ou enfadados a súa conveniencia (Booth, 30 de xuño de 2014). Ademais, practicamente todas estas empresas tecnolóxicas acumulan centos de multas millonarias por violar as lexislacións de



protección de datos (Guimón, 4 de setembro de 2019).

Tendo en conta isto, podemos fiarnos de como xestionan os nosos datos?

DIÑEIRO PÚBLICO, CÓDIGO PÚBLICO

As aplicacións informáticas constrúense en base a instrucións de código, encargadas de indicarlle ao software como debe funcionar, algo similar aos planos dunha casa. É importante ter acceso a eses planos co fin de comprobar que a casa está correctamente deseñada, e en caso de querer facer calquera cambio nela, é preciso coñecer por onde pasan os tubos da calefacción para non rompelos.

No caso do software é similar, o código pode ser libre: é posible velo, modificalo e incluso distribuír ese cambios para colaborar no seu desenvolvemento, ou por outra banda, pode ser privativo: unicamente a empresa que o crea ten acceso a el, e non é posible nin tan sequera ver como está feito e como funciona.


O problema é que a maioría destas plataformas, ofrecen solucións baseadas en código fonte privativo, código que non pode ser modificado nin

adaptado ás necesidades dos centros, nin tan sequera se pode auditar: non podemos saber a ciencia certa o que están a facer coa información que nelas introducimos.

Segundo a iniciativa "Public Money? Public Code!" (public-code.eu/es) da Free Software Foundation Europe, os cartos públicos deben ser investidos en aplicacións con código público e auditable, aplicacións que permitan facilmente ser adaptadas aos nosos intereses particulares sen depender dos intereses de grandes multinacionais estranxeiras.

Polo tanto se temos unha necesidade concreta e utilizamos unha plataforma de código libre, sempre será posible contratar a unha empresa local para facer unha adaptación do software e engadir dita necesidade, aínda que o provedor principal da plataforma non o vaia facer.

Cando utilizamos unha plataforma privativa isto non é posible: dependemos totalmente do que queira facer a empresa que a proporciona. Neste caso non somos donos do software, e non podemos adaptar nada, máis aló do que a compañía permita.



SERVIZOS QUE NOS ATAN POR ANOS


Dende fai anos, e sen querer, promovemos tecnoloxías privadas como Microsoft Windows, que se instalou nas nosas administracións públicas aló polos anos 90. Un xigante que nos atou a non coñecer alternativas, ofertándonos bos servizos a prezos moi económicos e aos que unha vez estás subordinado, é moi difícil abandonar.

As diversas administracións invisten grandes cantidades de diñeiro en licenzas de software que a cada ano que pasa soben máis de prezo, xa que tratar de abandonalas é un traballo moi complexo. Incluso moitas administracións vense na obriga de contratar servizos extra como os de email ou de almacenamento na nube, sim-

plemente para que o custe das licenzas de Windows e Office, que manteñen dende fai anos, non aumente.

De feito, compañías como Microsoft, Google ou Apple están a ser investigadas e multadas pola Unión Europea por utilizar este tipo de prácticas coa fin de afianzarse na súa posición de poder e eliminar a toda a competencia (Porteiro, 15 de novembro de 2020).

Os cartos públicos non se deberían investir en atarnos a tecnoloxías que non controlamos, e como profesionais e membros da comunidade educativa, consideramos que tampouco deberíamos fomentar o uso deste tipo de tecnoloxías. O alumnado debe ser formado en afrontar problemas e obter coñecemento para ser independente, non en aprender atado á tecnoloxía privada dunha empresa.



E QUE PODEMOS FACER?

O primeiro é negarnos por completo a utilizar este tipo de ferramentas que non sexan libres nin respectuosas coa privacidade. Debemos usar as ferramentas oficiais que estean baseadas en código libre, como por exemplo o Moodle que ofrece a Consellería de Educación. Tamén debemos reclamar que se invista en mellorar esas ferramentas en lugar de externalizalas nun servizo privativo como os ofrecidos por estas multinacionais.

Se estas solucións veñen impostas dende os centros ou dende a Consellería, podemos presentar queixas formais e non asinar os consentimentos de cesión de datos para o seu uso. Doutro xeito, estaríamos literalmente regalando a vida privada do noso alumnado.

Así mesmo é importante explicar que as nosas protestas non son un capricho senón a defensa duns dereitos importantes para toda a comunidade educativa e a cidadanía en xeral. Por iso é tamén relevante o labor de concienciación.

Para estar informado do que está a pasar no campo da privacidade e da soberanía tecnolóxica, e poder concienciarnos e concienciar ao resto de persoas, temos moitos recursos. Por exemplo dende a asociación Trackula publicamos de forma quincenal a newsletter Techtopias (techtopias.com) con noticias do mundo da privacidade. Ademais, na nosa web (trackula.org/es/page/resources) fixemos unha pequena recopilación de aplicacións alternativas ás tradicionais e recursos similares, que poden ser de interese.

Outra opción para estar informado, sería o podcast #NadaQueEsconder (blog.iuvia.io/

tag/podcast). Nel os compañeiros e compañeiras de IUVIA fan unha análise de temas de actualidade dende o punto de vista da privacidade, dun xeito moi didáctico.

Tamén é posible tratar de apoiarse en grupos que traballan pola soberanía tecnolóxica na educación como GALPon así como nas múltiples asociacións de software libre da nosa comunidade como GPUL, Bricolabs ou Ghandalf na Coruña, Melisa en Melide, Makers Lugo en Lugo, LibreTeo no concello de Teo ou O Zulo en Mugardos entre outras.

Por último hai outros colectivos máis enfocados na privacidade como somos en Trackula (trackula.org/es) ou tamén existen programas públicos enfocados na formación e na divulgación como Cibercooperantes ([mas/cibercooperantes\) do Incibe.](http://is4k.es/progra-</p>
</div>
<div data-bbox=)


As institucións teñen a obriga de defender a privacidade do noso alumnado utilizando ferramentas éticas, pero é o noso deber esixilo, debemos poñer este tema enriba da mesa.

É o momento de organizar charlas para concienciar ás familias e ao profesorado; de proxectar un documental sobre as tecnoloxías persuasivas como por exemplo "El dilema de las redes" e abrir un debate; de tratar de mover o grupo de Whatsapp co resto de pais e nais, cara unha plataforma alternativa como Signal. En definitiva, de xuntarnos para reclamar os nosos dereitos dixitais. Entre todos podemos facer un mundo mellor para as xeracións futuras. ■

REFERENCIAS

- ROOSE K., (9 de xuño de 2013). The Making of a YouTube Radical. The New York Times. Consultado o 27 de decembro en <https://www.nytimes.com/interactive/2019/06/08/technology/youtube-radical.html>
- KIRA E., KENNETH A., KAYLA N. et al, (14 de xuño de 2019). Associations Between Time Spent Using Social Media and Internalizing and Externalizing Problems Among US Youth. JAMA Psychiatry. Consultado o 23 de decembro en <https://jamanetwork.com/journals/jamapsychiatry/fullarticle/2749480>
- BOOTH R., (30 de xuño de 2014). Facebook reveals news feed experiment to control emotions. The Guardian. Consultado o 20 de decembro en <https://www.theguardian.com/technology/2014/jun/29/facebook-users-emotions-news-feeds>
- GUIMÓN P., (4 de setembro de 2019). Multa millonaria a Google por violar a privacidade de los niños en YouTube. El País. Consultado o 24 de decembro en [Por estas razóns, é precisa certa cautela á hora de falar de dixitalización da escolaridade e cobra gran importancia que as plataformas tecnolóxicas que utilizemos, cumpran unhas bases éticas mínimas. O seu código, que en resumo, son as instrucións que lle indican ao software como debe funcionar, sexa libre, auditable e público.](https://elpais.com/sociedad/2019/09/04/actualidad/1567605248_751405.html)
- https://elpais.com/sociedad/2019/09/04/actualidad/1567605248_751405.html
- PORTEIRO C, (15 de novembro de 2020). Las tecnológicas suman 23.017 millones de euros en sanciones desde el 2014. La Voz de Galicia. Consultado o 23 de decembro en https://www.lavozdegalicia.es/noticia/economia/2020/11/15/tecnologicas-serian-decimo-pais-ue-contribucion-multas/0003_202011G15P36996.htm

PUBLICIDADE



CRÍAS DE ANIMAIS EUROPA E ÁFRICA

Quen son?

TÁNDEM SECEDA
ESTER GARCÍA

As crías de diversas especies invitan as nenas e os nenos a coñecer a fauna do planeta e a coidar a natureza